



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksido 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO
CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, O DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2015.

ASISTENTES

PRESIDENTE DA F.G.M.
Adolfo Puch Domínguez

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS

Jesús Expósito Alonso
Fernando Fernández Rey
José Luís Faro Fortes
Ángel Gómez Gómez
Pedro Outón Nieto
Arturo Reboyras Villaverde
Raúl Leirós Gutiérrez

ESTAMENTO DE TÉCNICOS

José Juan Domínguez López
Katya Sanz Ochoa

ESTAMENTO DE ÁRBITROS

Manuel Angel Domínguez Iglesias
Xosé Lois Freixeiro López

ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS

Agrupación Montañeiros Independientes
Club Montaña Ferrol
Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia
Club Montaña e Escalada Azimut
Club Montaña Xistra
Sociedad de Montaña Ártabros
Club Montaña Bestarruza
Club Running Sport Trail

Mª Antonia Castiñeira García (Secretaria)
Xan Antón Ramírez Gómez (Presidente)
Carlos Garrido Costas (Presidente)
Luis Arocás Fernández (Presidente)
Xosé Henrique Freixeiro Cameselle (Presidente)
Fernando Cancelo Barbeito (Presidente)
Javier Cartelle Cudilleiro (Presidente)
Diego Martínez Ribao (Secretario)

XUNTA DIRECTIVA E PERSONAL TÉCNICO

Evaristo Fandiño Pérez
Alberto Canle Campuzano
Alfonso Soto Herrero
Marga Malvar Álvarez
Antonio Paredes Chapela
Eduardo Barrosa Picón
José Antonio Villar Comesáña
César Álvarez Pérez
Felipe Martínez Redondo
Elías Rodríguez Gómez
José Manuel Pérez Prego

Vicepresidente 2º e Tesoureiro
Secretario Xeral e Coordinador de Sendeirismo
Vogal Coordinador de Actividades Deportivas
Vogal Accesos á Montaña e Medioambiente
Vogal de Barranquismo e Material Deportivo
Vogal de Andainas
Vogal de Equipamento Zonas de Escalada e Delegado Equipo Escalada
Vogal de Escalada de Competición e Asesor de Estructuras de Escalada
Vogal de Novas Tecnoloxías aplicadas ao Deporte
Delegado da F.G.M. na provincia de Ourense
Director Técnico da F.G.M.

Sendo as 16,05 e en segunda convocatoria da comezo a asemblea coa intervención do Presidente para dar a benvida a todos los asistentes e indicando que segundo indicacións da Secretaría Xeral para o Deporte estamos



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksacio 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

obrigados a realizar, aparte da ordinaria, outra asemblea extraordinaria para aprobar os orzamentos, o calendario de actividades e o prezo das licencias federativas.

Antes de intervir o Tesoureiro, interveñen a Sra. Sanz e a Sra. Castiñeira para preguntar si non se pasaban a ler e aprobar as actas anteriores xa que tiñan algunha intervención que facer, ao que lles responde o Sr. Puch que se lerían e someterían á aprobación na vindeira Asemblea Ordinaria.

• Orzamentos para o ano 2016.

Toma a palabra o Tesoureiro Sr. Fandiño para pedir desculpas xa que coa convocatoria da asemblea se tiña achegado un orzamento na que as asignacións aos clubs estaban mal calculadas e, no presente, se modifigan por suxestión dun membro da asemblea que se decatou do erro.

Comeza a exposición comentando que os orzamentos seguen a liña de anos anteriores pero se corixen á baixa as cantidades destinadas as actividades federativas organizadas polos clubs e aos equipos de competición; mantendo os gastos correntes. Respecto aos ingresos, aínda non tendo confirmación da subvención da Secretaría Xeral para o Deporte para o vindeiro ano, se reflexa a mesma cantidade á espera de que non haxa recortes e no aspecto das licencias, se calcula un ingreso similar, é dicir, corenta e sete mil (47.000.-) euros.

De seguido, pasa a ler polo miúdo as diferentes partidas dos orzamentos para o ano 2016 que ascende a dous centos noventa e nove mil cincocentos setenta e un con sesenta e sete (299.571,67) euros.

A Sra. Castiñeira pide aclaración sobre a partida *soldos administración e persoal técnico* e o tesoureiro indica que se refire ás nóminas da Secretaría administrativa e do Director técnico.

A Sra. Sanz pregunta pola partida para renovación de material técnico da E.G.A.M. da que se falara na Asemblea Ordinaria do ano pasado, logo dun breve debate responde o Presidente Sr. Puch que se corrixirán os orzamentos e se incluirá unha asignación para renovación de material da Escola.

Retoma a palabra a Sra. Castiñeira para preguntar pola partida de seis mil (6.000.-) euros dedicadas a Deporte Base ao que o Sr. Puch aclara que dese tema se falará no seguinte punto.

Continúa o Presidente que a Federación entre os anos 2009 e 2015 deixou de ingresar tras sucesivos recortes por parte da Xunta de Galicia arredor de noventa e dous mil (92.000.-) euros, e que o aumento de ingresos por licencias federativas no mesmo período non compensa o descenso das subvencións e remata indicando que o futuro pasa por incrementar o número de federados para por ese medio obter os ingresos precisos para manter as actividades federativas.

Respecto á partida de seis mil (6.000.-) euros de Deporte Base, explica que se trata dun proxecto de futuro que comezará cunha serie de becas para impulsar entre nenos a escalada base e no futuro ter un equipo de escaladores competitivo.

Volve a intervir a Sra. Castiñeira para indicar que o campamento de este ano non foi una actividade de escalada, que foi un campamento de multiaventura e que houbo queixas sobre ese particular.

Pide a palabra o Sr. Garrido para corrixir o nome de actividade de Campamento e Marcha de Maiores polo de Día do Sendeirista e que non aparece o Campamento Infantil, actividade que pensaban solicitar a súa organización ao que responde o Sr. Puch que non hai inconveniente algúin en que si se quere organizar esta actividade, se dote dunha partida específica nos orzamentos. Continúa coa palabra o Sr. Garrido para engadir que sobre o Campamento de nenos celebrado este ano, a opinión xeral dos pais e nenos participantes de Club Peña Trevinca foi boa e non tiveron ningunha queixa e que aínda que se convocou un pouco tarde, e tal vez demasiado barato para o tipo de actividade levada a cabo, para vindeiras edicións se anuncie con máis antelación. Continúa a súa intervención o Sr. Garrido para pedir aclaracións de por qué se ten que limitar esta Asemblea aos temas de orzamentos, calendario de actividades e prezo de licencias ao que responde o Sr. Puch que este proceder ven demandado pola Xunta de Galicia desde hai tres anos.

Toma a palabra o Sr. Fernández Rey para engadir que á vista dos estatutos federativos, estes temas así como as actas se poden aprobar en calquera asemblea coa condición que se poña na orden do día.

A Sra. Sanz indica que si se demora a aprobación das actas para asembleas posteriores, co transcurso do tempo se perde a memoria dos temas tratados e aportacions dos asembleístas, ao que responde o Sr. Puch que se consultará e que na vindeira Asemblea Xeral se terán que aprobar as actas pendentes das asembleas celebradas con anterioridade.

Toma a palabra o Sr. Freixeiro López para solicitar a tódolos presentes que, aparte de que aparezan as actividades nos orzamentos, que tamén aparezan, nas mesmas, as persoas federadas co fin de incrementar a participación nas actividades federativas organizados polos clubs. Sigue a súa intervención para solicitar que na actividade de Travesía Galega de Esquí de Montaña, apareza tamén “e Raquetas”; e comenta que bota de menos



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

o tema de subvencións á participación no Campamento Nacional de Montaña e na Reunión y Marcha Nacional de Montañeiros Veteranos e solicita que se siga tendo en conta estas axudas á participación nesas actividades e pregunta por qué non se da unha subvención de dos mil (2.000.-) euros ao organizador destas actividades de tipo estatal ao que lle responde o Sr. Fandiño argumentando que a Federación esta vendo reducidas de xeito importante as subvencións da Xunta e iso afecta do mesmo xeito a todas as actividades federativas e a modo de exemplo cita que pasamos de arredor de corenta e oito mil (48.000.-) euros hai poucos anos, a dezanove mil (19.000.-) na actualidade e que as actividades da Federación terán que ser financiadas polos participantes e que se tiñan que buscar solucións nesa dirección, doutro xeito a situación prevense insostible nos vindeiros anos.

O Sr. Freixeiro López pon como exemplo a partida de "viaxes de representantes da Federación" con un incremento dun cen por cen respecto do ano anterior e si hai que apertar o cinto ten que ser para todo ao que lle pregunta o Tesoureiro si vamos a ter que suspender as reunións dos distintos órganos federativos ao que replica o Sr. Freixeiro López que, en efecto, hai que acudir a todas pero que ten que ir o que ten que ir.

Toma a palabra o Sr. Arocás para dicir que non está de acordo con esas subvencións ás actividades estatais xa il se paga as súas vacacións e continúa dicindo que se reduza o gasto do equipo de carreiras por montaña e pregunta como se vai a levar este tema, ao que responde o Sr. Puch que unha posibilidade pode ser reducir o número de participacións ou xestionar con moita anticipación o tema das contratacións dos viaxes a fin de reducir custes.

Intervén o Sr. Fernández para falar sobre as actividades organizadas polos clubs e sobre as subvención que perciben da Federación e di que está de acordo coa exposición do Sr. Fandiño de reducir custos e que algunas actividades non xustifican a subvención respecto á participación e resultado práctico da actividade e que non ve xusto que se subvencione coa mesma cantidade si van poucos ou moitos participantes; que hai gastos que se poden subvencionar e outros que non e ao respecto das facturas, os clubs piden as factura a seu nome e a Federación pide que vaia ao seu, e pregunta como se resolven estes temas.

Toma a palabra a Sra. Castiñeira para dicir que cando seu club organiza unha actividade, non pode pedir unha factura a nome da Federación e ela, como responsable do club, firmar un recibo deses gastos e que na auditoría da Deputación lle van a penalizar ese proceder.

Responde o Sr. Freixeiro Cameselle para aclarar que é perfectamente compatible.

Intervén o Sr. Fernández para engadir que ese tema ten que estar claro para todos, clubs e Federación e que se faga unha consulta á Asesoría Xurídica sobre este particular e sobre todo no tema das subvencións federativas ás actividades, facendo fincapé en que as mesmas teñen que ser proporcionais á participación en cada unha delas.

Toma a palabra o Sr. Puch para explicar que nas actividades organizadas polos clubs se producen dous recibos; un primeiro consistente nun incentivo ao club por molestarse en organizar unha actividade e un segundo recibo polos gastos orixinados na organización da mesma.

Retoma a palabra o Sr. Fernández para preguntar si parece xusto que se lle pague os gastos e os trescentos (300.-) euros de incentivo a unha actividade que non tivo éxito ao que responde o Sr. Freixeiro Cameselle qué significa ter éxito xa que non é comparable una actividade de barrancos con unha ce veteranos no aspecto da participación, ao que aclara o Sr. Puch que os incentivos son proporcionais ao tipo de actividade e en función da participación nas mesmas.

Pide a palabra o Sr. Ramírez para comentar que nun tema de orzamentos non é doado chegar a consensos amplos e que o importante non é o importe dos incentivos as actividades senón que a medio ou longo prazo algunas actividades van a ter que desaparecer por razóns mais que evidentes; e que xa nos orzamentos actuais aparecen partidas que hai que pensar en eliminar e como exemplo pon os seis mil seiscentos (6.600.-) euros destinados a subvencionar a clubs; e respecto ao tema de refuxios, iniciar políticas para que polo menos non dean perdas. Reincide no tema de axudas a clubs insistindo en comezar a reducir os importes desas partidas presentando unha proposta na Asemblea Xeral ao que responde o Sr. Puch que coincidindo con esa idea, é partidario de facelo de xeito paulatino.

Intervén o Sr. Garrido que aínda que está de acordo coa progresiva redución de subvencións a Federación ten que fazer fronte aos compromisos adquiridos xa que ten un socio reclamando unha axuda por participación no Campamento Nacional de 2014 á que aínda non se lle deu solución. Engade que lamenta ter que expoñer que a política de mantemento de refuxios non está sendo acertada e que cando van a un refuxio se atopan con elementos como cisternas dos servizos ou puntos de luz que non funcionan e que pese a dar parte á Federación, non se arranxan e como exemplo pon as contraventás do refuxio de A Seara ou a leña que estaba a intemperie e totalmente mollada e que si o federado que visita a instalación non a atopa coidada non lle convida a tomar exemplo.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksacio 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Retoma a palabra o Sr. Freixeiro Cameselle para indicar que nunha asemblea de orzamentos non se debían tratar temas alleos a mesma e que respecto á rendabilidade de algúnsas actividades a Federación é unha organización moitas modalidades deportivas e que en ocasións, os importes recibidos non compensan os gastos ocasionados, tal e como lles sucede a eles como consecuencia dun accidente nunha actividade de Barrancos ao ter que suspender a actividade e ter que facilitar bocadillos e bebida a todos os participantes. Por outra banda, expón que a Xunta fai unha discriminación negativa respecto as achegas por licenza e pon o exemplo de que a Federación de Aeronáutica percibe cinco centos cincuenta e catro (554.-) euros por licenza mentres que a nosa federación le dan soamente seis (6.-) euros, e que temos que comportarnos coma unha piña xa que doutro xeito en Santiago non se decatan.

Toma a palabra a Sra. Sanz para solicitar que de algúñ xeito a xuntanza de escaladores teña unha achega xa que é unha actividade divulgativa e con moita participación ao que responde o Sr. Fandiño que hai que comezar a asumir que a participación nas actividades as deben custear os participantes.

Intervén o Sr. Cancelo para que se lle aclare as partidas de Play Off e Mantemento Páxina Web ao que responde o Sr. Puch que a primeira é a empresa que leva o mantemento do programa de tramitación de tarxetas federativas e a segunda é a administración da páxina web federativa e o mantemento dos equipos informáticos.

Se someten a aprobación os orzamentos con un resultado de dezanove votos a favor e unha abstención.

• Calendario de Actividades para o ano 2016.

Toma a palabra o Presidente para sinalar as actividades a desenvolver o vindeiro ano 2016 e lembrar que hai unha serie de actividades que non teñen data asignada e que se encaixaran de seguido.

- Sen data. Proba de Escalada Base en Vigo no Rocódromo de As Travesas organizada por Club Montañeiros Celtas.
- Pendente de determinar a data. Proba de Escalada Base en A Coruña en Riazor organizada por Agrupación de Montañeros Independientes.
- Pendente de determinar a data. Unha proa da Copa de España de Carreiras por Montaña en Viveiro (Lugo), organizada polo Club San Roque de Viveiro.
- Pendente de determinar a data. Marcha Estatal de Montañeiros Veteranos en Parada do Sil organizada por Club Ribeira Sacra.
- Pendente de determinar a data. Reunión Estatal dos Comités Autonómicos de Barrancos en Vigo e Melón organizada por F.G.M.
- Días 7 e 8 de febreiro de 2016. Percorrido de Esquí de Travesía e Raquetas organizado por Agrupación de Montañeros Independientes.
- Día 8 de maio de 2016. Dia do Sendeirista organizado por Clube de Montaña Xistra.
- Días 11 e 12 de xuño de 2016. Marcha Galega con Vivac organizada por Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia.
- Días 18 e 19 de xuño de 2016. Marcha Galega Infantil-Xuvenil organizada por Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia.
- Día 10 de Xullo de 2016. Descenso Galego de Barrancos organizado por Clube de Montaña Xistra.
- Día 11 de setembro de 2016. Marcha Galega de Montañeiros Veteranos organizada polo Club de Montaña Ribeira Sacra.
- Nove probas da Copa de Andainas de 50 km. Que terán lugar en Entrimo, Padrón, Santiago de Compostela, Salceda de Caselas, Ferrol, Boqueixón, Ribeira, Pontevedra e As Neves e unha proba especial de 100 km, na Barbanza organizada por Internacional Treekers.
- Seis probas da Copa Galega de Carreiras por Montaña.

A isto hai que engadir os cursos da E.G.A.M. que se comunicaran cando se teña información. De seguido da lectura a unha carta dirixida á Subdirectora de Deportes da Xunta de Galicia na que lle comunica os proxectos de Promoción do Montañismo Infantil, Tecnificación Infantil-Xuvenil en Escalada Deportiva con promoción da muller, Monitores de Clubs e Monitores de Rocódromo.

Intervén a Sra. Sanz para dicir que o de Monitores de Club non estaba ben xa que os membros da Escola non o topaban idóneo ao que responde o Presidente de que era una figura moi solicitada por parte dos clubs para dinamizar as saídas dos mesmos, e que hai que facer algo para que os clubs teñan persoas que leven as actividades.

O Sr. Ramírez engade sobre o tema que esa figura xa existiu e que nos desfixemos dela pero se pode constatar que nos clubs hai persoas que realizan esas funcións e que si están mellor preparados se sacará mais partido deles.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Toma a palabra o Sr. Freixeiro Cameselle para pedir que figure no calendario una prueba de carreiras verificase xa que de outro modo non vai a facer contactos con responsables de concellos por onde descorra a proba ao que responde o Sr. Puch para indicar que hai que reducir actividades por motivos orzamentarios. Se procede a votar este punto da orde do día cun resultado de vinte votos a favor, ningunha abstención e ningún voto en contra.

◦ Prezos das Licencias Deportivas para o ano 2016.

Toma a palabra o Sr. Freixeiro López e di que non é necesario aprobar o prezo das licencias xa que, si están aprobados os orzamentos, está incluído o ingreso por licencias, e o que se pode facer, e expoñer os prezos das mesmas.

La Sra. Castiñeira pide coñecer o análise dos importes da tarxeta federativa ao que contesta o Sr. Puch poñendo como exemplo a tarxeta tipo B de maiores, das que se emiten arredor do sesenta e cinco (65) por cento do total. O desglose é como segue: para a compañía de seguros trinta e nove con corenta (39,40) euros, para a F.E.D.M.E. once con sesenta (11,60) euros e para a F.G.M. trece (13.-) euros. O incremento nas licencias deste ano corresponde a parte do seguro.

O Sr. Arocas pregunta si tiveron modificacóns os suplementos de 2015 a 2016 ao que o Sr. Puch indica que o de BTT pasou de quince (15.-) euros a vinte (20.-) euros, en esquí de montaña pasou de vinte e cinco (25.-) euros a trinta (30.-) euros, esquí de fondo pasou de cinco (5.-) euros a cinco con noventa (5,90) euros e snowboard pasou de trinta e cinco (35.-) euros a corenta e un con trinta (41,30) euros; todo elo en concepto de seguro e baseado na porcentaxe de sinistros acaecidos.

Pide a palabra o Sr. Expósito para preguntar si continúa en vigor a tarxeta con seguro de un día e que a licenza xuvenil lle parece un pouco alta ao que responde o Presidente que efectivamente sigue en vigor pero non lembra o importe actual e que o incremento producido, repite, corresponde ao seguro. Continúa o Sr. Puch facendo un comentario sobre a sinistralidade de algúna federación de montaña e a de rugby que tiveron problemas para atopar quen lle fixera o seguro.

Sendo as dezasete horas e cincuenta minutos se da por rematada a Asemblea Xeral.


O Presidente

Adolfo Puch Domínguez



O Secretario Xeral

Alberto Canle Campuzano



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

Proposta de subsanacion de errores

Informa o Secretario Xeral que o contido da Acta Xeral Extraordinaria de 28 de novembro de 2015 foi notificado no seu momento a todos os asembleístas e comunica que esta Federación non recibiu, dentro do prazo establecido legalmente, ningunha impugnación e sí dúas propostas de corrección; unha do membro da Xunta de Goberno da F.G.M. D. Fernando Pérez Iglesias e outra do membro da Asemblea Xeral D. Luis Arocás Fernández.

1^a.- Páxina 1/5: Engadir a D. Fernando Pérez Iglesias, Vogal de Actividades Infantís na relación de membros da Xunta Directiva e Persoal Técnico.

2^a.- Páxina 3/5: No parágrafo “Toma a palabra o Sr. Arocás...” sustituir “e continúa dicindo que se reduza o gasto do equipo de carreiras por montaña e pregunta como se vai a levas este tema,” por “ve que na contabilidade que se reduciu este gasto e pregunta como se vai a reducir”.

3^a.- Páxina 5/5: No parágrafo “Toma a palabra o Sr. Freixeiro Cameselle...” engadir no Calendario de Actividades unha “Xuntanza de Escaladores” pero sen partida orzamentaria.

Os asistentes acordan ratificar as propostas de corrección detalladas polo Secretario Xeral en base ás propostas presentadas polo membro da Comisión de Goberno D. Fernando Pérez Iglesias e o representante na Asemblea Xeral polo estamento de Clubs D. Luis Arocás Fernández e incorporalas al texto del Acta de la Asemblea Xeral Extraordinaria de 28 de novembro de 2015, transcribindo o mesmo ao libro de actas da Federación Galega de Montañismo.

Vº e prace
O Presidente

Adolfo Puch Domínguez



A Secretario Xeral

Alberto Canle Campuzano